

XEOGRAFÍA. MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

ACTIVIDADE1. Fecundidade

Obxectivos:

- ◆ Estudar a evolución do número de nacementos en Galicia.
- ◆ Interpretar os valores que toma a taxa bruta de natalidade en distintos ámbitos xeográficos.
- ◆ Coñecer o número medio de fillos por muller.
- ◆ Coñecer cal é a idade media á maternidade e como está evolucionando.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar mapas.

Cuestións a resolver:

Coa información que se facilitan nos enlaces e seguindo a actividade deberás poder responder as seguintes preguntas:

- 1) Describe a evolución xeral dos nacementos en Galicia

.....
.....
.....

- 2) ¿En que anos aumentaron o número de nacementos e en cales diminuíron?

.....

- 3) ¿En que ano houbo máis nacementos? ¿En cal menos? ¿Cal é a tendencia dos últimos anos?

.....
.....

- 4) ¿ Que concello da túa provincia ten a maior taxa bruta de natalidade na actualidade?.
Deduce a poboación deste concello tendo en conta os nacementos que se produciron nel e a taxa bruta de natalidade dese concello (recorda que Taxa bruta de natalidade = $\text{Nacidos nun ano/poboación} \times 1.000$).....
.....
.....
- 5) ¿Terá algo que ver a taxa bruta de natalidade coa estrutura de idades da poboación?
Razoa a resposta.
.....
.....
- 6) ¿Cal foi a evolución do nº medio de fillos por muller en Galicia?
.....
- 7) ¿Cal é a idade media á maternidade na actualidade?
.....
- 8) ¿Cal é a franxa de idade da nai na que se producen máis nacementos na actualidade?
¿Era así no ano 1996?
.....
.....
- 9) Calcula a porcentaxe de nacementos de nais con idades comprendidas entre [20,25) e entre [35,40) no ano 1996 e na actualidade.
.....
.....
- 10) ¿As mulleres galegas teñen os seus fillos cada vez a idades máis temperás ou máis tardías?
.....
- 11) Calcula a porcentaxe de nacementos de nais estranxeiras sobre o total de nacementos de Galicia na actualidade e compárao con outros anos atrás.
.....